



RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A ELABORACIÓN DA EXPOSICIÓN SOBRE O AUTOR HOMENAXEADO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2015, XOSÉ FERNANDO FILGUEIRA VALVERDE.

ANTECEDENTES

1. A Secretaría Xeral de Política Lingüística convocou o 05 de outubro de 2014 un concurso para a elaboración dunha exposición sobre a obra, época e lingua do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015 – Xosé Fernando Filgueira Valverde—, e/ou sobre a situación sociolingüística da etapa histórica na que este viviu.

2. O obxecto deste concurso foi a elaboración dunha exposición de 10 carteis sobre Xosé Fernando Filgueira Valverde e dun caderno didáctico que guíe a observación dos carteis e fomenta o labor de investigación do alumnado sobre a obra, época, lingua e etapa sociolingüística do autor homenaxeado.

3. Neste concurso puideron participar todos os centros de ensino non universitario de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

4. A convocatoria estableceu dúas categorías:

a) Para os centros de educación infantil e primaria.

b) Para os centros de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, de formación profesional e para os restantes centros de ensinanzas especiais: ensinanzas artísticas (de arte dramática, de artes plásticas e deseño, de conservación e restauración, de danza, de deseño, de música), ensinanzas deportivas e ensinanzas de idiomas.

5. A xestión da convocatoria realizouse conforme ás bases da convocatoria.

Unha vez recibido o ditame do xurado, que valorou os traballos presentados segundo o establecido na convocatoria,

RESOLVO

1. Agradecer a todos os participantes o seu traballo e esforzo.
2. Declarar gañador do concurso na categoría a) educación infantil e primaria a exposición “Traballando co *Vello Profesor*”, elaborada polo CEP Salustiano Rey Eiras da Pobra do Caramiñal (A Coruña), que recibirá o premio establecido na base 6.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 436
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega

galicia

3. Declarar gañador do concurso na categoría b) educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e restantes centros de ensinanzas especiais a exposición "Filgueira rima con Armenteira", elaborada pola EPA Río Lérez de Pontevedra, que recibirá o premio establecido na base 6.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2015

Valentín García Gómez

Secretario xeral de Política Lingüística

